

INFORME 25 DE NOVEMBRO DE 2014

Secretaría das Mulleres da CIG



muller@galizacig.net

www.galizacig.gal

REFERENZA HISTÓRICA

Hai 54 anos as irmás Minerva, Patria e M^a Teresa Mirabal, coñecidas como “**as bolboretas inesquecíveis**” foron violentamente asasinadas na República Dominicana polo seu activismo político, como militantes opositoras da ditadura. Estas tres mulleres convertéronse no máximo expoñente da resistencia popular e feminista, motivo polo cal conmemoramos en todo o mundo a loita contra a violencia contra as mulleres.

DATOS VIOLENCIA

Unha loita que sigue sendo necesaria e plenamente vixente medio século despois, dado que, segundo **datos da ONU**, un 35% das mulleres de todo o mundo sofren violencia física e/ou sexual no contexto das relacións de parella, ou violencia sexual exercida por outros homes, estatísticas que ascenden en moitos casos a preto dun 70% das mulleres. No caso da Unión Europea, a metade das mulleres enquisadas recoñeceron sufrir nalgún momento da nosa vida insinuacións sexuais non desexadas, contacto físico ou outras formas de acoso sexual no traballo.

Segundo a Axencia Europea dos dereitos fundamentais (FRA), na Enquisa da UE sobre violencia de xénero contra as mulleres, publicada o pasado marzo, recollía que o 35% das mulleres da UE sofren comportamentos de control a mans da súa parella, un 12% violencia económica, 32% de comportamentos abusivos, e chantaxe e abusos coas súas fillas e fillos un 8%. O 11% das europeas recibiron correos electrónicos ou sms non desexados, ofensivos ou sexualmente explícitos, ou insinuacións inapropiadas e ofensivas en páxinas de redes sociais ou en chats de internet en algures desde que tiñan 15 anos. O 5% nos últimos meses. Así mesmo, o 53% das europeas evitou no último ano determinados sitios ou situacións por medo a ser atacadas física ou sexualmente.

Os datos de que dispoñemos sobre a violencia contra as mulleres en Galiza (*Fonte: Informe de impacto de xénero dos Orzamentos da Xunta de Galiza 2015, elaborado pola Secretaría Xeral de Igualdade*) só teñen relación coa violencia entre a parella, dado que a lexislación vixente exclúe das estatísticas outros casos de violencia de xénero (feminicidio cometido fóra da relación de parella, violencia sexual, abusos, acoso, etc.), e pese a que até o propio Ministerio do Interior recoñece que a violencia sexual fora da parella incrementouse. Aínda así, os datos son demoledores:

- no primeiro semestre do ano 2014 estaban en vigor 5.277 ordes de protección (é dicir, 5.277 mulleres declaradas como vítimas),
- durante o primeiro semestre os xulgados comunicaron 402 medidas de protección e afastamento,
- tramitáronse 1.205 denuncias,
- houbo sete asasinatos (unha das sete mulleres non aparece na estatística oficial por ser a sogra do asasino),
- a rede de centros de acollida tivo no 1º trimestre unha ocupación media do 62,41%, prestando servizo a 140 persoas, delas 77 eran mulleres e 63 menores,
- 226 persoas recibiron atención psicolóxica por mor da violencia machista,
- 60 homes foron atendidos dentro do programa dirixido a maltratadores “abramos o círculo”.

INVESTIMENTO NOS ORZAMENTOS PÚBLICOS E NAS POLÍTICAS DE IGUALDADE

No “*Informe Sombra 2008-2013 sobre a aplicación no Estado español da Convención para a Eliminación de toda forma de discriminación contra as mulleres (CEDAW)*”, recoñécese que a avaliación do impacto das leis e políticas públicas é insuficiente. Tras unha década de vixencia dos Xulgados de Violencia contra a muller, incrementouse o número de mulleres que renuncian a continuar co proceso xudicial tras a denuncia, medra o número de denuncias arquivadas pola xudicatura e denéganse máis ordes de protección. E a pesar destes datos, non houbo avaliación pública, transparente e coa participación das afectadas e das organizacións de mulleres.

O mesmo informe recolle incumprimentos da Lei Orgánica de Igualdade: non se revisaron os libros de texto nin os contidos curriculares desde unha perspectiva de xénero, mantense a invisibilidade das mulleres en todos os eidos do coñecemento (as mulleres só aparecen nun 7,5%).

A nova lei de educación, a LOMCE, non inclúe na súa declaración de motivos ningunha mención á igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero, eliminando a única materia que si a incluía (a “educación para a cidadanía”) e substituíndoa por unha denominada “valores sociais e cívicos” (en primaria) e “valores éticos” en secundaria, como opcional á materia de relixión, e por tanto ausente para o alumnado que opte por esta. Ademais, a LOMCE xustifica e favorece a segregación por sexo (o goberno da Xunta mesmo financia con cartos públicos a centros concertados que segregan o alumnado), exclúe a educación afectivo sexual do sistema educativo.

O informe CEDAW tamén pon o acento na presenza reducida e estereotipada das mulleres nos medios de comunicación sen sanción polos organismos competentes. Identifica a existencia de graves déficits na prevención da violencia de xénero (porque van dirixidas á que a muller denuncie, obviando os obstáculos que afrontan nos procesos xudiciais), así como na formación dos actores do ámbito xudicial (non se esixe formación previa en V.X. á fiscalía, á xudicatura formada antes do ano 2010 non se esixiu formación nin méritos relacionados, e a que se presta á avogacía non afonda nas causas e consecuencias da violencia machista).

Conclúe denunciando os graves recortes das políticas de igualdade como discriminación na formulación e execución das políticas, que chegan até o 50% no Estado e nos organismos de igualdade. No Estado, baixando tres rangos de Ministerio de Igualdade entre o 2008-2011, pasou a Dirección Xeral no ano 2012. Algo parecido sucedeu en Galiza, pasando de ser unha Consellaría con rango de Vicepresidencia (de Igualdade e Benestar no ano 2008) e cun Organismo autónomo (o SGI, Servizo Galego de Igualdade) a eliminar o SGI aludindo motivos económicos, e a adscripción da Secretaría Xeral como unha área máis da Consellaría de Vicepresidencia, Administracións públicas e Xustiza.

Malia esta situación, nos últimos anos, os distintos gobernos en Galiza e no Estado continúan cos **recortes nos programas e políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**, as súas medidas anticrise acentúan a división sexual do traballo, dificultan a corresponsabilidade dos homes, acometen recortes en servizos públicos como a sanidade, os servizos sociais e o ensino, xustificados pola necesidade de acometer políticas de austeridade e axuste, sen ter en conta o impacto de xénero.

Así, entre os 142 países comparados nun **estudo sobre as políticas de igualdade**, os dez primeiros postos son ocupados por Islandia, seguido de Finlandia, Noruega, Suecia, Dinamarca, Nicaragua, Ruanda, Irlanda, Filipinas e Bélxica. Teremos que ir até o número 29 para atopar o Estado Español.

Os Orzamentos do Estado para o ano 2015 contemplan unha redución dun 34,2% do Orzamento do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para o vindeiro ano. As partidas para servizos sociais e promoción social redúcense nun 36%, como tamén o fai o orzamento para desemprego e atención a inmigrantes, ou programa de cobertura de libros de texto (un 92%), mentres manteñen a asignación á Igrexa Católica. O incremento do traballo doméstico derivado dos recortes na atención a menores e dependentes, da desaparición dos comedores escolares, da concentración dos horarios escolares, dificultan a conciliación. Mais este impacto de xénero non se ten en conta nos orzamentos. Tampouco se inviste o suficiente para para poder desenvolver a *Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral Contra a Violencia de Xénero*, destinar unha partida aos concellos co obxecto de que poidan garantir os servizos de atención ás mulleres, e contemplar unha partida específica para desenvolver o artigo 3 da Lei Integral, facendo campañas de sensibilización e prevención na educación e na sanidade. Uns orzamentos que deberían recoller as recomendacións e propostas contidas na Memoria da Fiscalía e nos informes do Consello Xeral do Poder Xudicial, poñendo en marcha medidas xa contempladas na lei como a implantación das Unidades de Avaliación Forense Integral, ou a necesidade de abordar os problemas que xera o dereito de dispensa da Lei de Enxuzamento Criminal, e suspendendo aqueles cambios normativos nesta materia proxectados noutras leis como a reforma do Código Penal, porque non é o lugar onde facer cambios, senón que deben realizarse na propia Lei Integral.

No caso dos **Orzamentos da Xunta de Galiza**, asistimos como o *Programa de Conciliación da vida persoal e laboral e outros servizos de protección social* mantén orzamento respecto ao pasado ano: 1,2 millóns de euros (era de 5.2 millóns no ano 2009), mais só contén accións dirixidas a favorecer a corresponsabilidade dos homes, a través de campañas de sensibilización, xunto coas axudas á redución de xornada para homes e familias monoparentais, sen que se invista en servizos públicos de atención ás crianzas e persoas dependentes, de cara a reformular os horarios destes centros na idea de harmonizalos aos horarios laborais, ou mesmo dirixido a mudar os problemas de acceso e permanencia das mulleres no mercado laboral. Un programa que carece de transversalidade, que non se vincula con ningunha outra iniciativa dirixida a consolidar poboación, tendo en conta o descenso demográfico e a desorbitada cifra de emigración da poboación galega en idade fértil).

Incrementan un chisco o *Programa de Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero*, que pasa dos 2.9 millóns a 3,4 millóns de euros, pero que na súa meirande parte vai destinado a campañas de sensibilización, mentres que o Programa de accións para a igualdade, protección e promoción da muller pasa de 6.2 millóns a 5.8 millóns de euros (hai que lembrar que no ano 2009 esta partida era de nada máis e nada menos ca 32 millóns de euros).

En materia de atención sanitaria, cómpre dicir que o orzamento do Plan Integral de Atención á Muller de hai 16 anos, cando Feijoo era o Xerente executivo do Insalud, era maior ca o de agora, e o plan estaba mellor deseñado ca o actual. O SERGAS leva máis de 20 anos pendente de facer unha reestruturación do persoal de enfermaría especialista obstétrico-xinecolóxica (matronas/matróns), estando pendente dende esa época de facer un mapa sanitario para atender as mulleres e dotar os centros de saúde deste persoal, que fica adiado novamente nos orzamentos do ano 2015. Tampouco aparece recollida a asistencia psicolóxica á muller con cancro de mama ou de cervix (aínda que si se está a prestar nas Unidades de Mama), a atención sanitaria ás mulleres en risco de exclusión social (prostitución, drogodependencias, inmigrantes), á atención a problemas familiares na adolescencia e problemas de relacións familiares, ou incluso asistencia ás cuidadoras d@s doentes crónicos no seo familiar onde a muller adoita levar a carga. O peor de todo isto é que a pequena carteira de servizos existente para a atención á muller non está dotada de ningún orzamento propio, é o persoal quen realiza o traballo de xeito voluntario, co consecuente sobre esforzo tanto físico como psicolóxico do persoal, ficando -na maioría dos casos- a asistencia sanitaria individualizada, fóra de calquera programa.

Así mesmo, a prevención da violencia machista contéplase dentro dos orzamentos destinados á sanidade, no ámbito de atención á muller, obviando a transversalidade do problema (prevención no ámbito educativo, social, etc.), e a necesidade de abordalo tendo como destinatarios os homes.

No contexto actual debemos dicir que a vontade política da Xunta é o desmantelamento da Atención Primaria, cunha cobertura mínima das ausencias, practicando o bloqueo de axendas e a intersubstitución como norma, de xeito que o último que se pode levar adiante é unha asistencia integral, á muller en particular e á poboación en xeral, a través de programas de saúde; o máis que se pode artellar é unha asistencia a demanda, tratando o caso concreto e particular.

Mención á parte merece o capítulo dos Centros de Orientación Familiar, aos que non se lles confire entidade propia, nin orzamentos concretos, senón que quedan diluídos nos orzamentos hospitalarios. Até onde sabemos na Galiza non hai estudos feitos das necesidades destes centros entre a poboación, tampouco están desenvolvidos na súa integridade para a atención integral ás familias, xa que se limitan á anticoncepción e á atención a IVES.

En definitiva, os orzamentos destinados ás mulleres e as políticas de igualdade son continuístas, seguen a apostar polos recortes mentres medran os gastos en publicidade, altos cargos e persoal de gabinete, departamentos de dirección, asesoramento xurídico...

FENDA SALARIAL

Non hai ningún tipo de investimento público dirixido a reducir a **fenda salarial** existente entre homes e mulleres, que supón que en Europa, as mulleres deben traballar de balde 59 días ao ano (segundo datos da Comisión Europea) até situarse no mesmo nivel salarial ca os homes. Así, a fenda salarial entre homes e mulleres (diferenza media entre os ingresos por hora das mulleres e os homes en todos os sectores da economía) apenas variou nos últimos anos nos países da UE, manténdose próxima ao 16% (este ano, ao igual que o pasado, é do 16,4%). Nalgúns países como Hungría, Portugal, Estonia, Bulgaria, Irlanda e no Estado español, a fenda salarial entre homes e mulleres agrandouse nos últimos anos. De feito, de se manter esta fenda salarial, serán necesarios 75 anos, para que o principio de igualdade de retribución por un mesmo traballo sexa unha realidade (segundo o informe "Iguais" de Oxfam). Unha inseguridade económica que se ve reflectida na seguinte cifra: aproximadamente 600 millóns de mulleres (o 53% das mulleres traballadoras da poboación mundial) teñen empregos inseguros que normalmente non están protexidos pola lexislación laboral.

En Galiza, a fenda aínda é maior: un 23,3%. Segundo os datos da Axencia Tributaria correspondentes ao ano 2012, o salario medio anual percibido en Galiza no 2012 foi de 17.737 euros. No caso dos homes foi de 19.865 e no das mulleres de 15.227, 4.638 euros ao ano menos que os homes. Unha fenda salarial que incrementouse pola maior caída dos salarios das mulleres, dun 2,94 por cento, que no caso dos homes foi dun 2,66 por cento, rompéndose unha tendencia á baixa da fenda salarial que se mantíña dende o ano 2004.

Malia estes datos, non hai ningunha medida referente ás causas estruturais da desigualdade salarial. E non hai unha aposta da administración pública que permitan eliminar os obstáculos no mercado de traballo: tanto no acceso ao

emprego das mulleres, como no mantemento dese emprego e a promoción, dada a imposibilidade de compaxinar a vida laboral e familiar. Segue a ser unha tarefa pendente a creación de permisos iguais e intrasferíbeis pagados ao 100%, unha aposta real pola creación de escolas infantís públicas, ou pola universalización do dereito á educación infantil desde os 0 anos, pola implantación da xornada máxima de 35 horas semanais, ou pola reorganización dos coidados.

CAMPAÑA 25 DE NOVIEMBRE. 7 SILUETAS POLAS 7 GALEGAS ASASINADAS

Por estes motivos, miles de mulleres ao redor do mundo autoconvocámonos para denunciar o máis profundo rexeitamento das violencias que continuamos vivindo nos nosos corpos de mulleres: desde a violencia que se exerce sobre a nosa capacidade de decidir sobre o noso corpo, a nosa sexualidade, a nosa saúde sexual e reprodutiva, a nosa independencia económica, a nosa liberdade, e en definitiva a nosa vida.

Durante o ano 2014 foron 7 as mulleres galegas asasinadas a mans das súas parellas e exparellas. Na súa honra, durante todo o mes de novembro nos locais sindicais da CIG das 7 cabeceiras de comarca colocaremos 7 siluetas dun metro sesenta de altura, identificadas co seu nome e o nome de quen as asasinou, en lembranza e homenaxe ás 7 vítimas do machismo. Porque entendemos que é preciso visibilizar publicamente este feminicidio, identificando comportamentos, actitudes e ideas discriminatorias, que forman parte da cultura da violencia contra as mulleres. **PORQUE PARA ERRADICAR A CULTURA DA VIOLENCIA MACHISTA É PRECISO DETECTAR O MACHISMO, CREAR CONCIENCIA E MUDAR CONDUCTAS.**

Por iso comezamos desde o que nos é máis próximo, xa que ás veces adoitamos caer no erro de que a violencia contra as mulleres é un tipo máis de violencia, que se trata de casos illados, cando presenta unha serie de características diferenciais que a fan distinta ao resto das agresións: actívase por causas inxustificadas ou nimiedades, e ten por obxectivo deixar de manifesto quen ten a autoridade da relación. Tanto a violencia física como as agresións sexuais o que pretenden é dominar, e adoutrinar. Introducen medo e terror, aleccionando a todas as mulleres. É unha violencia estrutural que sostén unha determinada escala de valores, unha cultura da dominación desde o ámbito privado, que reforza a orde establecida dentro do sistema patriarcal.

Aínda hoxe en día, no fogar, na escola, no lugar de traballo, nos medios de comunicación, segue fomentándose a permanencia do sistema sexo/xénero, as asignacións de xénero en función do sexo da persoa, que contan, ademais, coa complicidade e reforzo das leis do mercado e consumo capitalistas, interesadas en manter os roles de xénero tradicionais, e perpetuar a figura e o rol da muller como obxecto sexual, ou ben co rol de eterna coidadora.

E malia os discursos pronatalistas, o certo é que as responsabilidades familiares seguen a verse como un obstáculo no eido laboral. Non hai moito, suscitouse unha polémica por mor das declaracións da Presidenta do Círculo de Empresarios, en contra da contratación dunha muller en idade reprodutiva, asistimos a varios casos polémicos de despedimento de traballadoras tras comunicar o seu embarazo, mesmo a de Apple e Facebook ofrecendo ás súas traballadoras conxelar os seus óvulos. Para nós estas polémicas non son novas. A nosa central sindical comproba esta actitude machista da patronal día tras día, froito do cal son moitos os despedimentos improcedentes, as demandas por desigualdade salarial, a discriminación na contratación e os acosos laborais, sexuais e por razón de sexo, que na súa meirande parte teñen como obxectivo as mulleres.

Porque aínda que non o recoñezamos, formamos parte dunha sociedade machista e violenta. Recibimos a diario mensaxes que pretenden amosarnos como ser home ou muller. Unha dicotomía que non permite máis opcións. Multitude de mensaxes enviadas polos medios de comunicación, a nosa familia, as amizades, no posto de traballo. É difícil fuxir deles e non reproducilos. Porque o machismo e a violencia non son exclusivos dunha determinada clase social, senón que existen en calquera estrato e lugar.

Por iso lanzamos esta campaña. Para que fagamos unha auto avaliación: eu son machista? Identifiquemos actitudes habituais que agochan un claro ou sutil machismo (xeitos non evidentes de reproducir roles sexistas). Porque temos que ter presente que o machismo non é só a agresión física a unha muller. A violencia non só implica golpes, tamén inclúe as ameazas, a arrogancia, as descualificacións, a discriminación, o abuso verbal, o abuso emocional, o acoso...

Recoñecer estas actitudes, non significa aceptar que vivimos nunha sociedade que perpetúa a desigualdade e a diferenza entre mulleres e homes, e que agocha a discriminación e a violencia contra as mulleres, porque esta é a manifestación máis rexeitábel da cultura da violencia machista. É preciso un maior investimento público nos programas de atención e protección das vítimas, penalizando os agresores evitando que poidan reincidir. Mais isto non abonda se non intervimos nas causas da violencia de xénero. Para irmos á raíz, temos que ir ás orixes, valores e condutas xerados pola cultura dos xéneros e propiciar cambios e alternativas.

MOBILIZACIÓNS

Somos conscientes de que o cambio comeza por cada unha e cada un de nós, e de que é preciso actuarmos. Deconstruírmonos. Mais tamén visibilizarmos problema. Sairemos novamente ás rúas amosando que é responsabilidade de toda a sociedade mudar e reverter o noso modelo de relacións. Así o faremos nas 7 mobilizacións que celebramos na mañá do día 25 de novembro, nas que portaremos as 7 siluetas das 7 galegas mortas por mor da violencia machista:

A Coruña: ás 12 horas diante da Confederación de Empresari@s, en Monelos

Ferrol: ás 12 horas diante do Edificio Administrativo da Xunta de Galiza

Compostela: ás 12 horas diante do Gadis da Rúa Nova de Abaixo (ao carón da praza de Vigo), en resposta ao acoso laboral contra unha traballadora logo de exercer o seu dereito á reducir á súa xornada de traballo por garda legal dun fillo con diversidade funcional.

Pontevedra: ás 12 horas na Praza 8 de Marzo

Ourense: ás 12 horas diante do local sindical

Lugo: ás 11:30 horas diante do edificio administrativo da Xunta, na Ronda da Muralla,

Vigo: ás 19 horas no Marco o día 24 de novembro, coincidindo co peche do curso de Empoderamento.

Porque para erradicar a cultura da violencia machista hai que detectar o machismo, crear conciencia e mudar condutas.

25 de novembro de 2014

Margarida Corral Sánchez
Secretaria Confederal das Mulleres da CIG